

## Criterios de selección de estudantes da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais para o programa de mobilidade ERASMUS+.

A selección de estudantes da FCEE para o programa de mobilidade internacional será realizada atendendo aos seguintes criterios:

- Seleccionaranse unicamente alumnos de Grao que teñan superados como mínimo 48 ECTS correspondentes a primeiro e segundo curso. A tal efecto considerarase para dito cómputo día seguinte de finalización de presentación de solicitudes.
- Para cada alumno calcularase a puntuación  $P = N+I$  de acordo co seguinte baremo:

$$N = Me * (\text{núm. Créditos superados} / \text{núm. Créditos totais da titulación})$$

Sendo *Me* a nota media que figure no expediente do estudante o día seguinte ao de finalización do prazo de solicitude do correspondente programa de intercambio. Así mesmo, o dato correspondente ao número de créditos superados polo alumno será o que conste no seu expediente ao día seguinte ao de finalización do prazo de solicitude.

O ítem I valora o coñecemento do idioma en función do nivel acreditado polo estudante dentro do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, Os coñecementos de idioma poderanse acreditar mediante a presentación de certificacións recoñecidas na convocatoria da bolsa ERASMUS+ ou na normativa de Relacións Internacionais da Universidade. A correspondente acreditación do idioma deberá de presentarse xunto coa solicitude da bolsa durante o prazo establecido para tal fin.

A puntuación acadada neste ítem virá dada polo seguinte baremo:

Nivel	I
B1	0.25
B2	0.5
C1	0.75
C2	1

No caso de que un alumno presente certificación de varios idiomas darase prioridade á lingua inglesa. A puntuación máxima acadada no ítem I non superará 1 punto.

A puntuación obtida por cada estudante virá dada pola suma dos dous ítems, é dicir:  $P = N + I$

- En igualdade de puntuación terán preferencia os estudantes que teñan cursado asignaturas impartidas en inglés, tal e como recolle o Plan Internacionalización Lingüística da Universidade de Vigo.

Unha vez valoradas as candidaturas de acordo co anteriormente, o alumnado será ordenado de acordo coa puntuación final acadada.